PÚBLICO OBXECTIVO	Principalmente a mulleres.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Con esta iniciativa trátase de chegar os servizos e as actividades de ocio á cidadanía facilitando a súa participación, e evitando centralizar todas as actividades no núcleo urbán. Esta experiencia piloto desenvolveráse os martes 10, 17 e 24 de outubro, en forma simultánea nas parroquias de Remourelle e Vilaselán. O obxectivo principal deste taller é a mellora da autoestima e autoconfianza das mulleres, afianzando as habilidades de interacción, comunicación e de relación interpersonal basadas no respecto mutuo.</p> <p>Debemos lembrar que a propia Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como, " a saúde é o benestar físico, psicolóxico e social completo e non só a ausencia de enfermidades". É aquí onde a</p>										

risa ten o seu máximo valor dado que é unha técnica básica tanto para fortalecer o sistema inmune e previr enfermidades, como para axudarnos a mantér o benestar físico e mental.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A acollida foi moi boa, e a xente das parroquias, soe ser moi participativa e agradecida, e cando organizas algo para elas responden masivamente. Os talleres de risoterapia, polo xeral teñen boa acollida, e esta era a primeira vex que se facía dirixida a destinatarias do medio rural, e podemos afirmar que foi un acerto, xa que a xente gústalle que lle facilites a participación, e mais as mulleres que viven no medio rural, xa que moitas veces non teñen tempo suficiente para poder compatibilizar as labres do fogar, co coidado a dependentes e co desfrute dun pouco de tempo para elas. Con esta actividade, realizada na súa propia parroquia dás a oportunidade ás mulleres de asistir a mais actividades das que poderían se se realizaran só no núcleo urbano.

do público asistente

As mulleres valoraron moi positivamente esta actividade, xa que e un espacio de tempo, no que como elas din "esquenzémonos de todo", o cal lles reporta enerxía e vitalidade.

Custo global da actividade: 762 euros

Identificación da actividade	CELEBRACIÓN DO DIA DA MULLER RURAL. ENCONTRO EN TARAMUNDI									
Lugar e datas de realización	14 DE OUTUBRO- TARAMUNDI									
Núm. de horas	10 H									
Núm. de participantes										
HOMES	8									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	1	> 50:	7
MULLERES	45									
por idade	<18:	1	18-30:		30-40:	4	40-50:	12	> 50:	29
PÚBLICO OBXECTIVO	Mulleres empresarias, asociacións de mulleres, ao público en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
Na cumbre autonómica astur-galaica, os gobernos de ambas comunidades decidiron participar conxuntamente na celebración do Dia da Muller rural a través dun programa de actos que se desenvolverá na localidade asturiana de Taramundi. Preténdese que esta conmemoración sexa unha boa oportunidade para celebrar un grande encontro										

que propicie a participación dun importante número de mulleres asturianas e galegas, no marco dunhas xornadas de interese turístico e cultural, ademais de ser unha boa ocasión para a promoción das empresas rurais. Houbo actividades os días 14 e 15 de outubro, a Feira de Empresarias Rurais de Asturias e de Galiza e paralelamente houbo numerosas actividades de carácter lúdico-cultural: concertos, visitas guiadas, exhibición de oficios tradicionais, teatro de rúa, degustacións...

O sábado 14 de outubro saliu un autobús de Ribadeo con 55 persoas que estiveron ao longo do día disfrutando da xornada de convivencia.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

Nesta actividade a xente apuntouse con rapidez, fora do usual e houbo xente que quedou fora, xa que o límite de prazas que nos marcaban era o do aforo do autobús. As actividades e ao propio desenvolvemento da xornada de encontro estivo ben organizada.

do público asistente

A xente de Ribadeo que participou neste encontro, valorou moi positivamente o mesmo, tanto, pola propia organización do evento, polas actividades que se contemplaban e por ese día de convivio con outras mulleres, de intercambio de experiencias e de visibilización de mulleres emprendedoras que están a despegar.

Custo global da actividade:

0 euros(O SGI pagaba o custe do autobús e a metade do xantar, a outra metade era asumida polas propias participantes)

Identificación da actividade	OBRADOIRO DE AUTOESTIMA, IMPARTIDO POLA ASOCIACIÓN DE MULLERES LILITH									
Lugar e datas de realización	23 DE OUTUBRO- CASA DA XUVENTUDE-									
Núm. de horas	3H									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERS	15									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	1	40-50:	3	> 50:	11
PÚBLICO OBXECTIVO	A mulleres exclusivamente									
Descrición do contido da actividade										

A autoestima é a suma de confianza e respecto que cada persoa sente por sí mesma. Designa o valor que cada unha se dá, incluíndo sentimentos acerca da capacidade e valía persoal, así como sentimentos respecto ás características persoais. Reflexa o xuízo que cada quen fai da súa habilidade para afrontar os desafíos da vida, para comprender e solucionar problemas, así como do seu dereito a decidir, a ser respectado/a e a defender os seus intereses e necesidades. O nivel de autoestima tamén vai facer que as persoas se sintan ou non capaces e válidas/os, e polo tanto o nivel baixo da mesma vai limitar a actuación e a vivencia da persoa, impedindo e limitando o seu desenvolvemento integral en distintos ámbitos e aspectos da vida, especialmente aqueles que na educación non foron potenciados.

A autoestima é un elemento presente en todas as persoas. Mais a falta de valoración e autoridade social otorgada socialmente ao xénero feminino fai que, en xeral, as mulleres interioricen unha baixa autoestima a nivel persoal.

Isto xustifica que un proxecto deste tipo teña como eixo central a autoestima e esté dirixido especificamente a mulleres como medida de acción positiva, partindo de que un nivel baixo da autoestima é o primeiro obstáculo, limitando á muller desde sí mesma, para unha igualdade real e efectiva.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

Ao principio costaba bastante que as mulleres participaran en obradoiros de autoestima, dáballes algo de reparo, pero en canto van a un, cando saen xa teñen unha opinión diferente. O que nos costa máis é involucrar a xente máis nova, como que lles resulta vergonzoso ir a un taller deste tipo xa que pensan que teñan a estima moi ben.

do público asistente

As mulleres que participan nestes obradoiros sempre saen satisfeitas, e coa estima máis reforzada, e sempre nos din, cando haxa outro avísademe.

Custo global da actividade: 0 euros (actividade ofertada directamente polo SGI)

Identificación da actividade

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS, "UN FUTURO POR COMPARTIR EN IGUALDADE"

Lugar e datas de realización	NOVEMBRO- DECEMBRO - NOS CENTROS DE ENSINO UBICADOS NO CONCELLO DE RIBADEO: <ul style="list-style-type: none"> - COLEXIO PÚBLICO GREGORIO SANZ - COLEXIO SAGRADO CORAZÓN DE XESÚS - IES DIONISIO GAMALLO FIERROS - IES ORTA DA AUGA 									
Núm. de horas										
Núm. de participantes										
HOMES	329									
por idade	<18:	328	18-30:	1	30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERS	420									
por idade	<18:	394	18-30:	26	30-40:		40-50:		> 50:	
PÚBLICO OBXETIVO	Pais, nais, profesorado e alumnado.									
Descrición do contido da actividade										
<p>O ano pasado iniciábase unha incursión nos Centros Educativos como centro neurálxico desde o cal traballar na igualdade. Considerábase que a mellor vía para combater as discriminacións e tratos sexistas é a meio da educación en igualdade. Este sentir puxémolo en coñecemento dos Centros Educativos sitos na localidade e os mesmos amosaron a necesidade de traballar esta problemática e a súa disposición á colaborar activamente. Aparecen na memoria explicativa as actividades realizadas conxuntamente cunha valoración sobre as mesmas. E a conclusión final que podemos extraer ven a ser a necesidade de seguir incidindo na educación entre nenos e nenas en igualdade. Os resultados da memoria veñen a explicitar que siguen existindo determinadas pautas de actuación e comportamentos basados en roles e estereotipos, e en definitiva a perpetuación dun modelo de sociedade desigual entre mulleres e homes. Os Obxetivos son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Promover e fomentar un modelo de sociedade digno e igualitario para mulleres e homes. • Favorecer a análise da situación social actual, e as reflexións que faciliten o cambio de actitudes ante os estereotipos e o xénero. • Sensibilizar a pais e nais cara a importancia da mellora do ambiente familiar. • Respetar as diferencias entre os seres humanos con referencias expresas ás diferencias de xénero. • Promover a igualdade de oportunidades avogando pola corresponsabilidade no fogar, reflexionar sobre o reparto de tarefas domésticas. • Previr a violencia mediante a adquisición de habilidades e recursos que permitan detectar, afrontar e resolver os problemas e conflitos da vida cotidiana.. <p>ACTIVIDADES:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Impartición de obradoiros ao alumnado <ul style="list-style-type: none"> ▪ CXG ----(12 Talleres,dirixidos a Secundaria, cursos 3º e 4 da ESO) 										

- Andamiaxe---(6 Talleres,dirixidos a 2º de Infantil e 3º e 6º de Primaria,)

✓ Accións dirixidas a pais/nais e profesorado:

- Charlas, mesas redondas, Talleres:
 - Charla Anorexia e Bulimia (ABAC)
 - Conferencia sobre "Bulling, violencia escolar"
 - Talleres de Igualdade dirixidos ao profesorado e ao colectivo dos/as pais/nais.

✓ Outras actividades:

- Proxección de cortos, material audiovisual cedido por MR Misto Films. Seleccionáranse unha serie de cortos para proxectar nos espazos das tutorías e nos que posteriormente se propiciará o debate.
- Obra de Danza " Hebras de mujer"

O espectáculo de 1h de duración, narra as vivencias das mulleres desde a década dos trinta até a actualidade, a través de dous modelos diferentes de familias. Trata de ofrecer un enfoque innovador sobre a situación social e familiar das mulleres nesta etapa, pero dun modo claro e sen abstracción e un tanto irónico.
- Reparto dun CD de recursos en igualdade para o profesorado,
- Reparto para o estudiantado de Secundaria dunhas Axendas
- Reparto para o estudiantado de Primaria dunhas recortables con intercambio de roles Homes/ mulleres

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

Nesta campaña volcamos os nosos maiores esforzos, contando coa colaboración dos Centro de Ensino, que participan activamente no deseño, execución e avaliación dos efectos da campaña. Consideramos que a educación en igualdade representa a forma máis eficaz de loita contra a violencia de xénero, e de aí que tentemos darlle un carater continuado no tempo, con actividades esporádicas ao longo do curso, e coas actividades en novembro e decembro, como os obradoiros... e outras novas. O traballo co estudiantado é satisfactorio, aínda que somos conscientes que queda moito por facer. Cabe salientar, que este ano aumentamos o grupo de destinatarios das actuacións desta campaña aos pais/ nais e profesorado, e estes non respostaron positivamente, xa que a súa participación nas actividades dirixidas a eles foi pésima. Agás, ese aspecto valoramos moi positivamente o desenvolvemento da campaña.

do público asistente

Ao estudiantado normalmente, valora positivamente este tipo de actividade, xa que fánse por medio de actividades algunhas veces lúdicas, ou senón con metodoloxías participativas o que lles permite dar a súa opinión abertamente. Nunca amosaron rechazo ás mesmas. Disfrutaban coa actividade.

Custo global da actividade:

5490 euros (Material gráfico, obradoiros, charlas, proxección)

curtas..)

Identificación da actividade	REUNIÓN CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER XUNTANZA ORDINARIA									
Lugar e datas de realización	9 DE NOVEMBRO, NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE RIBADEO									
Núm. de horas	2H									
Núm. de participantes										
HOMES	5									
por idade	<18:		18-30:	0	30-40:	1	40-50:	3	> 50:	1
MULLERS	29									
por idade	<18:	0	18-30:	1	30-40:	12	40-50:	11	> 50:	5
PÚBLICO OBXECTIVO	Representantes das asociacións de mulleres, das asociacións veciñais, de sindicatos, de partidos políticos, do sector educativo, sanitario, empresarial e comercial, técnica de emprego..									
Descrición do contido da actividade										
<p>Nesta reunión a Concelleira da Muller explicou e informou de cales ían a ser as liñas de traballo nos vindeiros meses, as actividades que había planificadas explicitnado tamén o gasto económico que conleva cada liña de actuación. O aproveitamento dos recursos, de forma que o diñeiro invertido revirta no beneficio da maior parte da cidadanía, de aí, que sexa fundamental concienciar a poboación de que todo costa e nos costa a todos.</p> <p>Por outro lado, a Concelleira da Muller leu un Manifesto, co galo do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
As/ os asistentes ratificaron a o manifesto pola eliminación da violencia de xénero e amosaron a conformidade coas actividades e liñas de traballo expostas pola concelleira, salvo algunha discusión a respecto dos horarios.										
do público asistente										
Custo global da actividade:	0 euros									

Identificación da actividade	ACTIVIDADES DE OCIO PARA AS MULLERES, "ACCIÓN É FEMININO"									
Lugar e datas de realización	DECEMBRO- XANEIRO 2007									
Núm. de horas	16H									
Núm. de participantes										
HOMES	5									
por idade	<18:		18-30:	0	30-40:	1	40-50:	3	> 50:	1
MULLERS	28									
por idade	<18:	0	18-30:	1	30-40:	12	40-50:	11	> 50:	5
PÚBLICO OBXETIVO	Ao público en xeral									
Descrición do contido da actividade										
<p>Diversos cursos para as mulleres, nos que se pretende fomentar o exercizo físico entre ás mulleres con actividades que non se oferten desde outro ámbito ou entidade e co alicente de ter un carácter novedoso, polo menos no noso Concello.</p> <p>Os cursos ofertados desenvolveráanse ao longo dos meses de novembro, decembro e Xaneiro, e son os seguintes: no Ximnasio do Colexio Gregorio Sanz e no Pavillón Vello. Patinaxe, Baile moderno, Fitness Pump (Ximnasia de mantemento avanzada) e Defensa Persoal levaráanse a cabo en sesións de 1h os luns e mércores ou os martes e xoves.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
O obxectivo é fomentar o exercizo físico e ocio e chegar a un sector da sociedade ribadense coa finalidade de superar as máis dificultades de atraelas para participar nas nosas actividades. Con estas actividades, podemos dicir, que conseguimos achegarnos a mulleres máis novas, a mozas,										
do público asistente										
A valoración é positiva										
Custo global da actividade:	1735,87 euros									

Identificación da actividade	CONCURSO " EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"
-------------------------------------	---

Lugar e datas de realización	NOVEMBRO- PRESENTACIÓN TRABALLOS 15 DECEMBRO- ENTREGA DE PREMIOS NO AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL									
Núm. de horas										
Núm. de participantes										
HOMES	11									
por idade	<18:	3	18-30:	8	30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERS	13									
por idade	<18:	13	18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
PÚBLICO OBXETIVO	Concurso de carteis: maiores de 16 anos Concurso literario: 1º ciclo da ESO, 2º ciclo da eso e Bacharelato.									
Descrición do contido da actividade										
Facer copartícipe ao estudantado da mirada igualitaria, sensibilizar e informar a poboación para que poidan modificar as actitudes, comportamentos										
Valoración da actividade desenvolvida da entidade organizadora										
<p>O concurso tivo unha difusión a nivel da Mariña, xa que o obxectivo era que o alumnado de calquer Centro educativo da Mariña ou calquer particular puideran presentar traballos. A participación maioritaria procedeu do alumnado dos Centros de Ensino do Concello de Ribadeo, agás a activa participación do alumnado da Asociación de Axuda ao enfermo mental da Mariña. O nivel dos traballos, sobre todo no que se refire ao concurso literario era bastante bó, o cal, parécenos un dato moi positivo.</p> <p>A entrega de premio fíxose o día 15, nun acto público e contamos coa presenza da Secretaria Xeral de Igualdade que conxuntamente coa Concelleira da Muller fixeron entrega dos agasallos ós gañadores</p>										
do público asistente										
A valoración do público asistente, entendendo por isto, aquelas persoas que asistiron á entrega de premios, onde as persoas gañadoras deron lectura aos seus traballos, foi moi boa, en xeral a xente gustáronlle os traballos gañadores porque reflectían a problemática da violencia de xénero dunha maneira moi real.										
Custo global da actividade:	650 euros(agasallos gañadores)+ 300 (deseño e edición do tríptico)									

Identificación da actividade	"RIBADEO MULLER" BOLETIN INFORMATIVO MUNICIPAL
-------------------------------------	---

Lugar e datas de realización	PERIODICIDADE SEMESTRAL., ENIVO A TODOS OS DOMICILIOS DO CONCELLO DE RIBADEO									
Núm. de horas										
Núm. de participantes										
HOMES	3755									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERS	5945									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
PÚBLICO OBXETIVO	Ao público en xeral									
Descrición do contido da actividade										
<p>A idea de dar vida a este Boletín de información municipal ven derivada dos problemas existentes arredor da transmisión de información e todo o que conleva, o descoñecemento dunha actividade e polo tanto a escasa participación. Hai que aproveitar os recursos ao máximo sacándolles rendabilidade, tendo en conta a premisa non só da eficacia no resultado das accións emprendidas senón tamén na eficiencia económica. A utilización do menor número de recursos económicos debe ir parella á maior eficacia na acción emprendida.</p> <p>Nel informáse das actividades desenvolvidas desde a área de Muller, e de calquer noticia ou información relevante para a vida das mulleres. A información é unha garantía para a igualdade de oportunidades e, como tal, un dereito fundamental das persoas. Debemos procurar que a información sexa coñecemento, é dicir, que nos faga persoas máis libres e máis sabias.</p> <p>Obxetivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar a información mediante este boletín que terá unha periodicidade semestral, e chegará a todos os domicilios. - Criar un espazo propio para as mulleres no Concello de Ribadeo. Visibilizar o papel das mulleres tendo un espazo no cal poderán colaborar aportando as súas historias de vida, información, opinión... 										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>Este Boletín chegou a todas as casas de Ribadeo, e moitos dos obxetivos marcados están a cumprirse. As mulleres xa teñen máis información, ou algunha máis do que se está a facer, e cando teñen dúbidas xa chaman directamente ao CIM preguntando polas actividades. Aínda así considero que non podemos facer unha valoración global e exahustiva ate que saian máis números.</p>										
do público asistente										
<p>En principio, os comentarios dínnos que a xente lle gustou, o valora positivamente. Co tempo poderám valorar a súa utilidade ou non,</p>										

Custo global da actividade: 1390 (edición revista) + 700 (envío Correos)

Identificación da actividade	XORNADA TÉCNICA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO, ORGANIZADA POLA SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE E O INSTITUTO ASTURIANO DE LA MUJER									
Lugar e datas de realización	PARADOR DE RIBADEO									
Núm. de horas	6H									
Núm. de participantes										
HOMES	3									
por idade	<18:		18-30:	1	30-40:	1	40-50:	1	> 50:	
MULLERS	80									
por idade	<18:	0	18-30:	25	30-40:	25	40-50:	11	> 50:	14
PÚBLICO OBXETIVO	Ao persoal dos CIM , de Servizos Sociais									
Descrición do contido da actividade										
O programa desta xornada tiña que ver coa exposición dos Protocolos de violencia de xénero que están funcionando noutros lugares do Estado, a par que propiciaba o debate sobre o fenómeno da violencia de xénero, xa que dita xornada remataba coa representación dunha peza teatral " ROTas" e un debate posterior dinamizado por unha avogada e unha psicóloga .										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
A valoración da actividade foi positiva xa que xuntouse un nº considerable de profesionais, e tamén o alumnado do Ciclo Superior de Educación Infantil. Como dato negativo, podemos salientar a escasa participación das Asociacións de mulleres na xornada.										
do público asistente										
O público valorou a xornada como satisfactoria.										
Custo global da actividade:	0 euros									

Identificación da actividade	PROXECCIÓN DE CURTAS E DEBATE POSTERIOR SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO
-------------------------------------	--

Lugar e datas de realización	21 DE DECEMBRO, NO IES PORTA DA AUGA E NO IES GAMALLO FIERROS									
Núm. de horas	2H									
Núm. de participantes										
HOMES	37									
por idade	<18:		18-30:	0	30-40:	1	40-50:	3	> 50:	1
MULLERES	44									
por idade	<18:	0	18-30:	1	30-40:	12	40-50:	11	> 50:	5
PÚBLICO OBXETIVO	Ao público en xeral									
Descrición do contido da actividade										
Proxectáranse unha serie de curtas que versan sobre a violencia de xénero e despois entablárase un debate posterior sobre o que reflexan as curtas para cada quén.										
Valoración da actividade desenvolvida da entidade organizadora										
Podemos concluír que as curtas poden ser un instrumento útil para falar sobre violencia de xénero. As ideas que saíron a relucir no debate posterior viñan a explicitar que existen conflitos que a xente interioriza como normais, negándose a ver a realidade.										
do público asistente										
O alumnado quedou contento, xa que as curtas polo xeral gustaron e lles supuxo un tempo de esparcemento divertido, e outra parte do estudantado valorou como positiva a experiencia e gustoulle o debate posterior, porque lles permitiu dar a súa opinión e contrstar co compañeiro/a dunah forma espontánea esta cuestión, na que moita xente ten dificultades para falar e oculta a súa verdadeira forma de pensar.										
Custo global da actividade:	100 euros (dereitos das curtas)									

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM

Os CIM como organismo ou servizo público cuxo obxectivo primordial e principal ven a ser a consecución dunha sociedade igualitaria, onde exista unha igualdade real entre os xéneros, será a súa definición de funcións, competencias e o uso das mesmas unha cuestión fundamental para poder efectivizar a premisa enunciada, convertíndose nun valor en si mesmo. Será tan necesario a existencia dun instrumento, como a utilización do mesmo.

Hoxe en día, a utlidade é necesidade dos CIM non é cuestionable, pero a meu xuízo, si poden mellorarse tanto no que atinxe ás súas funcións, como no funcionamento. Polo que respecta as súas **funcións**, considero que debera facerse unha pequena modificación, xa que como o seu propio nome indica son Centros de Información ás Mulleres, e de aí que o seu cometido sexa dar información, orientar e asesorar ás mulleres sobre as demandas suscitadas. Evidentemente non é a miña pretensión prantexar un cambio radical nesta cuestión, xa que creo que o persoal dos CIM sempre debemos informar das posibles solucións e deben ser as usuarias quen tomen a decisión última. Sen embargo, si prantexaria en determinados casos e circunstancias unha función de intervención directa. Estou a referirme as funcións propias do persoal que integra este servizo, xa que as funcións das/os avogadas/os quedan algo coxas ao non poder exercer directamente ningunha función de defensa, só podemos dar asesoramento e logo derivar noutros servizos ou tramitar a xustiza gratuita, co cal, as casos, despois da espera de anos e anos de decidirse a denunciar ou a falar do seu problema. Non prantexo converter os CIM en despachos particulares, senón que para determinados casos puntuais, urxentes e cando se trate de infraccións leves(faltas e delitos menores) a súa función puidera ser máis directa, non só limitarse a asesorar e intervir de forma directa no xuízo de faltas (Algo similar ao funcionamento das avogadas dos Centros Asesores da Muller de Asturias).

Respecto ao papel das psicólogas as cales, mais que levar a cabo terapias, xa que coido que isto sería mellor derivalo a outros servizos e programas máis especiliazados, a súa función limitaríase a atención puntual e de toma de contacto e escoita activa de cara a ter unha primeira valoración ou para detectar a problemática existente naqueles casos nos que non exista unha claridade. Tamén

deberan de cumprir un papel fundamental no que son as actividades de sensibilización, traballo cos centros (talleres de igualdade co estudantado..), coas mulleres (técnicas de relaxación...) Non sei se isto é moi ambicioso, e seguramente pode ser difícil que unha persoa este cualificada para facer este tipo de actividades, pero e que se a persoa non ten iniciativa o seu papel redúcese a atender ocasionalmente a aquelas mulleres que a demandan.

Sigo a defender e a incidir na cuestión xa prantexada o ano pasado, a da integración dos CIM como servizos dependentes da Concellaria da Muller, e polo tanto, separados de Servizos Sociais, aínda que en estreita e continua relación con eles. Os CIM deben de actuar baixo criterios transversais,(temos o exemplo por primeira vez na historia do goberno galego dunha vicepresidencia de Igualdade, que xa existía desde fai tempo noutras comunidades do Estado, véxase caso vasco, valenciano, catalán, asturiano...) e de aí ser un servizo do Concello ou Mancomunidade que cuestione e revise a igualdade entre xéneros en todos os departamentos delegacións (uso de espazos, emprego e inserción laboral, novo xacementos e desenvolvemento local, cultura , educación... desde unha perspectiva de xénero, inclusive o deseño dos orzamentos). Sigue a existir esa concepción das cuestións que afectan ás mulleres, como cuestións de servizos sociais, como asistenciais... e as veces, o propio persoal dos Servizos Sociais non está formado en xénero e iso non é beneficioso para ninguén.

Por último, quería solicitar que se fixeran máis xornadas formativas dun carater mais especializado. Sse ben considero que se fixeron xornadas de caracter técnico, e algunhas outras cun carácter sensibiliador e de fomento da participación das mulleres e das asociacións de mulleres, e que coido que hai que seguir a facer, as veces voto en falta, xornadas máis especializadas, no meu caso como avogada, por explo:

- Xornadas rigurosas de **análise da Lei Integral**, o seu funcionamento, que nos aportou como novo, cómo está a funcionar, os xulgados de violencia o seu papel..
- O tema das **pensións alimenticias e o impago das mesmas**, a execución das pensións, réxime de visitas. Son cuestións que parecen mecánicas pero non o son tanto a depende do caso concreto.
- Anteproxecto de Lei de violencia de xénero galega.

E tamén propoño outras de carácter xenérico, e que poderían ir dirixidas a sectores máis amplos:

- Os usos dos tempos polas mulleres (políticas de uso do tempo)
- Os espazos, a ordenación do territorio desde unha perspectiva de xénero

En definitiva este é un debate longo e complexo e que dependerá tamén das experiencias concretas de cada quén, pero si penso que son necesarios algúns cambios, os cales deberán realizarse para poder mudar e nun futuro transformar esta sociedade patriarcal, co cal , temos que facer que as ferramentas a utilizar desde cada localidade, comarca,... sexan funcionais e útiles.

4. SUXESTIÓNS, QUEIXAS E DENUNCIAS ÁS ADMINISTRACIÓNS

Non se fixo ningunha xestión ou queixa nin escrita nin verbal a ningún organismo ou entidade.

5. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES

As relacións coas institucións públicas, veñen a fundamentarse na coordinación e axuda sempre que se demanda a calquer entidade. Por agora, nunca tivemos ningunha traba con ningunha institución ou organismo . En todo caso, relatarei as relacións máis directas que houbo neste periodo de traballo.

- **Entidades institucionais:**
 - Firma dun **Convenio co Consello da Xuventude de Galicia (CXG)** . Este convenio firmado entre o Concello e dita entidade(organismo representativo da mocidade galega a nivel institucional) facíase para dar a coñecer dita entidade entre os/as mozos/as ribadenses e arredores e para que as técnicas de dita entidade executaran Talleres de igualdade e de Violencia de xénero entre o alumnado de 3º e 4º curso da ESO, dentro da Campaña de sensibilización en Igualdade nos Centros Educativos promovida polo CIM e a Concellaría da Muller.
 - **Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.**,
 - Colaboración directa e fluída co **Xefe da Oficina de Estranxería de Lugo** (Alberto Linares). Son moitas as demandas de mulleres

inmigrantes na nosa vila, co cal, en numerosas ocasións nos puxemos en contacto con este departamento, e contamos coa presenza de Alberto Linares nunha conferencia.

- **Secretaría Xeral de Igualdade** (colaborou economicamente coa campaña de sensibilización sobre a desigualdade de xénero no ámbito laboral)
 - Cos **Concellos da Mariña** fanse as veces actos conxuntamente. Tamén existen relacións cos CIM, e sobre todo co CIM de Mondoñedo.
- **Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.** Co SAF da Policía Nacional, coa Garda Civil de Ribadeo, Castropol,...
 - **Poder Xudicial:**
 - Contactos co Xulgado nº1 de instrución de Mondoñedo (o que ten asignado os casos de violencia de xénero)
 - Contactos coa maxistrada do Xuzgado nº 6 de Lugo, xuzgado de violencia de xénero.
 - **Asociacións de Mulleres:**
 - En Ribadeo existen catro asociacións de mulleres coas que se colabora activamente, na organización das actividades.(Asociación de mulleres rurais, Asociación de Viúvas, Amas de casa e Colectivo 8 de marzo)
 - O Concello de Ribadeo ten sobre 54 asociacións(culturais, deportivas, veciñais...) as que informamos de todos os actos organizados polo CIM.
 - Consello Municipal da Muller, ven a ser un órgano de participación das mulleres con recoñecemento institucional, e que queremos convertilo no órgano dinamizador das políticas sobre mulleres.
 - Relacións cos **Sindicatos, Asociacións de Empresarios, Centro Comercial Aberto** do Concello de Ribadeo.
 - Relación co **Centro de Saúde de Ribadeo**, xa que debemos de estar en constante coordinación.

6. RELACIONES COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

As relacións cos medios de comunicación son boas, nós transmitímoslles información a meio de notas de prensa ou cando o consideramos oportuno convocamos roldas de prensa, e o trato ven a ser bón.

Os medios cos que traballamos, que por outro lado son os existentes:

- **Xornais:**

- La Voz De Galicia - edición A Mariña
- El Porgreso- edición A Mariña
- Semanario de carácter local- A Comarca
- La Nueva España
- Semanario de carácter gratuito, "Gratis"

Radios:

- Radio Cope
- Onda Cero
- Ort Ser (Asturias e Viveiro)

- **Teles:**

- Localia
- ORT
- TVG- Delegación da Mariña.

7. FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DO CIM: relación de asistencias

➤ Avogada:

- i. I Curso temático sobre Educación Infantil da Mariña. "*A infancia en situación de risco social*" (15horas) - IES Dionisio Gamallo Fierros e Concello de Ribadeo.
- ii. Haciendo visible la economía invisible ("*Mujeres y hombres en el trabajo remunerado*") (30 horas) - Universidad del Pais Vasco

- iii. Xornada técnica sobre violencia de Xénero- Organizada pola Secretaria Xeral de Igualdade e o Instituto Asturiano de la Mujer

➤ Psicóloga

- Curso temático sobre Educación Infantil da Mariña. "*A infancia en situación de risco social*" (15horas) - IES Dionisio Gamallo Fierros e Concello de Ribadeo.
- Xornadas de tratamento das drogodependencias nos medios de comunicación.

8. ANEXOS

DOSSIER DE PRENSA (novas mais relevantes)

PUBLICIDADE CAMPAÑAS

